

MANIFESTO DÍA MUNDIAL DAS PERSOAS REFUXIADAS

Hoxe, 20 de xuño, con motivo do Día Mundial das Persoas Refuxiadas, a Rede Galega de Apoio ás Persoas Refuxiadas queremos **denunciar a difícil situación que viven millóns de persoas refuxiadas no mundo**. E as causas, que son moitas: guerras, violencia xeneralizada, cambio climático, persecución por motivos relixiosos ou políticos, por xénero ou por orientación sexual... todas elas graves violacións dos dereitos humanos.

Non podemos permitir que Europa siga violando os dereitos das persoas migrantes e refuxiadas provocando máis das 60.620 mortes documentadas ata hoxe por UNITED

Por todo o anterior:

-Denunciamos a **externalización das fronteiras**, que se faga negocio con elas para as industrias de armamento e seguridade, e se financie a terceiros países para que actúen como porteiros da UE sen importar a brutalidade con que actúen. Avergóñanos unha UE acusada pola Corte Penal Internacional en La Haya de crimes de lesa humanidade pola súa política de refuxio. Unha Europa que mira cara outro lado ante a traxedia insoportable no Mediterráneo. **Só no que va deste ano morreron 5054** persoas, aínda que sabemos que son moitas máis as vítimas directas destas políticas.

-Denunciamos que se trate de abandonar, deter e criminalizar a quen exerce o dereito a migrar e a tratar de construír unha vida digna. En particular, **denunciamos as “devolucións en quente”** de moitos dos que conseguen atravesar as fronteiras, que lles negan dereitos recoñecidos na nosa lexislación como a posibilidade de solicitar asilo, a asistencia xurídica e a protección a menores e vítimas de trata entre outros.

-Esiximos que se cumpra a legalidade europea e internacional e habilitar **vías legais e seguras** para que as persoas refuxiadas non teñan que arriscar a súa vida en perigosas rutas, prestando especial atención á violencia sexual e de xénero e á exercida sobre menores e persoas con discapacidade.

-Denunciamos que o novo **Pacto Europeo para a Migración e o Asilo é un gran retroceso**, supón unha vulneración de Dereitos e non garante unha acollida baseada nos respecto aos Dereitos Humanos nin habilita os orzamentos e recursos que require a situación actual.

-Esiximos que haxa un compromiso por parte do conxunto de actores políticos, económicos e sociais en **contra de bulos, mensaxes xenófobos ou discriminatorios** cara a poboación migrante e refuxiada. Ao mesmo tempo reivindicamos un **discurso público positivo sobre a migración** que poña en valor as contribucións e capacidades persoais, culturais, sociais e económicas que as persoas migrantes achegan á sociedade, baseado en datos e evidencias.

-Esiximos que no Estado español e no contexto actual, se poña en marcha de maneira urxente o **proceso de regularización** de persoas migrantes en situación administrativa irregular e solicitantes de asilo en espera prolongada de resolución da súa solicitude. Tramitado na ILP en proceso.

-É fundamental dar continuidade á igualdade de **acceso e non discriminación na atención a tratamentos sanitarios**, e que non se poida comprometer o dereito á vida baixo ningunha circunstancia.

-Esiximos garantías de **acceso ao traballo digno e garantías de acceso inmediato ao ingreso mínimo vital** para os grupos máis vulnerables. O ingreso mínimo vital debe asegurar

que cubre ás vítimas de trata, solicitantes de asilo e, en xeral, a familias e persoas migrantes, independentemente da súa situación administrativa.

Débense multiplicar os esforzo e recursos para que desaparezan as causas que obrigan ás persoas a fuxir dos seus países. É necesaria unha resolución dialogada e efectiva dos conflitos en curso, prohibindo a venda de armas a países que violan os dereitos humanos. Urxe xa unha actuación decidida e real a favor da democracia e para acabar coa pobreza e as grandes desigualdades sociais existentes no mundo.

Compostela, 20 de xuño de 2024